



# PLAN DIGITAL

## CEIP Plurilingüe Souto-Donas

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: *CEIP Plurilingüe Souto-Donas.*

Enderezo: *Souto s/n 36388 Donas (Gondomar)*

Correo electrónico: [ceip.souto.donas@edu.xunta.gal](mailto:ceip.souto.donas@edu.xunta.gal)

Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsoutodonas/>

O CEIP Plurilingüe Souto-Donas imparte as ensinanzas correspondentes ó 2º ciclo da Educación Infantil e á etapa da Educación Primaria. Neste curso están escolarizados no colexio 182 nenas e nenos; deles 46 na etapa infantil, en tres grupos (4º, 5º e 6º).

No centro hai un total de 20 mestras e mestres. Deles, 14 teñen destino definitivo, 2 son provisionais e 4 compartidos con outros colexios.

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- O centro inscríbese nun ámbito social semi-rural de clase media, constituído fundamentalmente por familias de estrutura tradicional (nai-pai-fillos), apoiadas de preto pola familia extensa (avós fundamentalmente). Na meirande parte delas o pai e a nai traballan fóra da casa e moitas comparten eses traballos co coidado de animais e pequenos cultivos de horta.
- A contribución do Plan Dixital ó **Proxecto Educativo** queda reflectida no apartado 3.2.3. Plan de fomento e integración das TIC. No curso 2022/23 incluiremos nos obxectivos para o profesorado os tres primeiros deste Plan Dixital. Por outra banda incluiremos o obxectivo 4 dentro dos referidos ó alumnado.
- A contribución do Plan Dixital á **Programación Xeral Anual** do curso 22/23 aparecerá reflectida nos seguintes apartados: 1. Obxectivos específicos para o curso académico 2022/23, con respecto ó centro, onde incluiremos “Desenvolver unha estratexia dixital dirixida polo equipo TIC do centro sobre a elaboración, xestión e seguimento do Plan Dixital do Centro” e “Crear un banco de recursos dixitais con recursos propios e recursos alleos libres”; con respecto ó alumnado aparecerá “Mellorar as habilidades dixitais do alumnado”; e con respecto ó profesorado incluiremos “Minimizar a fenda dixital do claustro”. No apartado 2. Medidas a desenvolver para a súa consecución e recursos previstos para o efecto incluíranse os detallados no plan de acción deste PD.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación

- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.*
- *Motivacións intrínsecas que nos levan á necesidade de elaborar o Plan Dixital.*

#### 1.4. Proceso de elaboración

*Os tres membros do Equipo de Dinamización do Plan Dixital do noso centro reunímonos en varias ocasións, ó longo do curso, para a elaboración dos diferentes apartados que se nos foron indicando. Nun primeiro momento para analizar e interpretar os datos do SELFIE e do test CDD, cos que fixemos o DAFO; posteriormente reflexionamos sobre a realidade do noso centro a nivel de competencia dixital e propuxemos diversos obxectivos e o plan de acción para a consecución dos mesmos de cara ó vindeiro curso.*

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- **Infraestrutura dixital do centro:** *en canto á conectividade o centro está dentro do programa “Escolas conectadas”. Dende que entramos en dito programa (hai 4 ou 5 cursos) mellorouse toda a conectividade e infraestruturas de voz e de datos. Todas as aulas dispoñen de conexión por fío, así como as dependencias de administración. Hai conexión wifi en todo o centro. Podemos dicir que a conectividade é boa aínda que moi mellorable. O centro está situado nunha zona semirural e non chega a fibra óptica. Ademais hai tres aulas con equipamento e infraestrutura E-Dixgal.*
- **Equipamento dispoñible:**
  - *Oito aulas con ordenador portátil, proxector e pizarra dixital interactiva.*
  - *Dúas aulas proxecto E-Dixgal (aulas de 5º e 6º): 43 ordenadores portátiles do alumnado co seu correspondente cargador e funda, 2 pizarras dixitais interactivas co proxector integrado, 6 portátiles para o equipo docente e 2 carros de carga.*

- Aula de informática: 13 ordenadores de sobremesa.
  - Equipos para aula móbil: 25 tabletas, a compartir con todo o alumnado do centro.
  - Equipos de xestión e administración do centro: 3 PC.
  - Uso na biblioteca: 3 ordenadores de sobremesa, 1 portátil e 1 proxector.
  - Sala de profesorado: 4 PC e 1 proxector.
  - Departamentos: 4 PC, 2 portátiles, 4 proxectores.
  - Para alumnado en caso de confinamento: 7 ordenadores portátiles.
- **Servizos dixitais educativos:** Para facilitar a xestión docente o centro dispón de correo electrónico, páxina web , aula virtual, E-Dixgal, espazoAbalar, Abalarmóbil e webex. Dentro dos servizos dixitais non corporativos algún profesorado emprega servizos de Google (gmail, drive).
  - Xestión do mantemento do equipamento do centro: unha empresa externa encárgase do mantemento de todas as aulas que non teñen E-Dixgal.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

### Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	2,4				
	Profesorado	3,2				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,5				
	Profesorado	2,9				
	Alumnado	3,7				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2,6				
	Profesorado	3,3				
	Alumnado	4,4				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	2,6				
	Profesorado	3,3				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,5				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2,5				
	Profesorado	3,1				
	Alumnado	4				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2				
	Profesorado	2,7				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2,8				
	Profesorado	3,4				
	Alumnado	4,2				

### Test CDD:

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	13	14	92,9 %
PROVISIONAL	1	1	100 %
INTERINO	2	2	100 %
SUBSTITUTO	2	2	100 %
DESPRAZADO			

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
62,7	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador/a (B1)

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	46,3	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
Prim.	69	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	5,6 %
A2	10	55,6 %
B1	5	27,8 %
B2	2	11,1 %
TOTAL	18	100,1 %

## 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE e Test CDD, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das Liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS - EQUIPAMENTO	1. Dispositivos dixitais para o ensino pagados polo propio centro. 2. Acceso a internet bo. 3. Asistencia técnica pagada polo centro. 4. Total consideración na protección de datos.	1. Infraestruturas deficientes. 2. Falta de dispositivos dixitais ofertados pola administración.
	PERSOAL DOCENTE	1. Estabilidade do persoal docente.	1. Escaso tempo para explorar o ensino dixital.

		2. Boa avaliación do progreso. 3. Existe debate. 4. Existen modalidades de ensino mixtas.	2. Escasas colaboracións. 3. Fenda dixital para identificar retos. 4. Fenda dixital para abordar retos.
	<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>		1. Falta de estabilidade do persoal docente.
	<b>ALUMNADO</b>	1. Comportamento seguro. 2. Comportamento responsable.	1. Escasa verificación da calidade da información. 2. Dificultade para outorgar recoñecemento e licenzas. 3. Escasa creación de contidos dixitais. 4. Escasas habilidades dixitais para diferentes materias.
	<b>FAMILIAS</b>	1. Familias participativas.	1. Algunhas familias con escasos recursos para a dixitalización.
	<b>OFERTA</b>	1. Existen novas modalidades de ensino.	
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	1. Desenvolvemento da estratexia do profesorado.	1. Falta de estratexia dixital do centro. 2. Falta de tecnoloxías asistenciais. 3. Escasos repositorios en liña.

	<b>EXTERNOS</b>	<b>OPORTUNIDADES</b>	<b>AMEAZAS</b>
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	1. Impulso da administración ó Plan Dixital.	1. Poucas achegas económicas para dixitalización. 2. Pouca dotación de equipamento tecnolóxico.
	<b>LEXISLACIÓN</b>	1. Existe lexislación sobre protección de datos. 2. Existe lexislación sobre licenzas e dereitos de autor.	
	<b>CONTORNA</b>	1. Contorna socioeconómica boa e receptiva.	1. Escaso acceso do alumnado a dispositivos dixitais fóra do centro educativo. 2. Wifi e conexións deficientes.
	<b>ANPA</b>	1. Boa relación coa ANPA.	
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	1. Boa colaboración coa Comunidade de Montes. 2. Boa colaboración co Concello. 3. Boa colaboración coa	

	asociación Espazo Lectura.	
--	----------------------------	--

### 3. Plan de Acción

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

*Os pasos seguidos para a elaboración do Plan Dixital de Centro foron os seguintes: en función do Informe SELFIE e do Test DCC elaboramos o DAFO. Posteriormente, en base ás debilidades atopadas propuxemos unhas áreas prioritarias e uns obxectivos que queremos conseguir. Son os seguintes:*

*ÁREA DE MELLORA: (Organización de centro) Falta de estratexia dixital do centro.*

*OBX 1- Desenvolver unha estratexia dixital dirixida polo equipo TIC do centro sobre a elaboración, xestión e seguimento do Plan Dixital do Centro (PDC).*

*ÁREA DE MELLORA: (Persoal docente) Fenda dixital para identificar e abordar retos.*

*OBX 2- Minimizar a fenda dixital do claustro.*

*ÁREA DE MELLORA: (Pedagogía) Apoio e recursos.*

*OBX 3- Crear un banco de recursos dixitais con recursos propios e recursos alleos libres.*

*ÁREA DE MELLORA: (Alumnado) Escasas habilidades dixitais para diferentes materias.*

*OBX 4- Mellorar as habilidades dixitais do alumnado.*

*Partimos da formulación de catro obxectivos como punto de partida e ir avanzando nos vindeiros cursos.*

*Para cada obxectivo achegamos as táboas que recollen toda esta información, nas que se inclúe o Plan de acción para cada un, responsables das mesmas, temporización e recursos necesarios.*

#### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

*Respecto ás necesidades de mellora en canto a **equipamento**, a Consellería tería que resolver as carencias do noso centro para que todas as aulas sexan **aulas dixitalizadas** segundo a normativa da Comisión Europea. Neste sentido son básicas as pantallas táctiles interactivas e autónomas (con altofalantes integrados) por aula. Por outro lado, o centro dispón de 25 tabletas a compartir con todo o alumnado dende 1º ata 4º de Educación Primaria, o cal é totalmente insuficiente. Para avanzar no Plan Dixital sería prioritario que todas as aulas teñan conectividade e posibilidade de visualización e interacción, por medio de tabletas en cada unha delas. Tamén precisamos 10 ordenadores portátiles para renovar parte do equipamento que temos dende hai moito tempo.*



### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora: (ORGANIZACIÓN DE CENTRO) Falta de estratexia dixital do centro						
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	Desenvolver unha estratexia dixital dirixida polo equipo TIC do centro sobre a elaboración, xestión e seguimento do Plan Dixital do Centro (PDC).				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Equipo Directivo				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)</b>	Número de persoas implicadas.					
<b>Valor de partida: (3)</b>	Equipo Dixital					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	7 membros do claustro			Setembro		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Reunión do Claustro e da CCP para explicar a importancia do Plan Dixital de Centro.	- Equipo Directivo	Setembro	- Convocatoria de Claustro - Normativa - Convocatoria de CCP		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Nomear a un responsable do P.D dentro do equipo TIC que estableza as reunións necesarias do profesorado integrante do equipo TIC, dentro das posibilidades de xestión do centro.	- Coordinador Equipo TIC	Fin do 3º trimestre	- Convocatorias Equipo TIC		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Motivar ó profesorado, priorizando o plan de formación do centro vinculado ó uso das TIC, no desenvolvemento docente diario.	- Equipo Directivo	Fin do 1º trimestre	- Proposta de actividades de formación do CFR (Centro de formación do profesorado)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: (PERSOAL DOCENTE) Fenda dixital para identificar e abordar retos						
<b>OBXECTIVO 2: (1)</b>	Minimizar a fenda dixital do claustro.				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Equipo TIC				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)</b>	Porcentaxe de profesorado implicado					
<b>Valor de partida: (3)</b>	20% de profesorado con coñecementos mínimos					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	50% de profesorado do centro con coñecementos de nivel A2 no test de CDD			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A02.1: Solicitar a formación necesaria segundo as necesidades do claustro con respecto ó Proxecto Educativo en relación ás TIC	- Equipo Directivo - Coordinador Equipo TIC	Fin do 1º trimestre	- Oferta de formación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2: Determinación das competencias dixitais a alcanzar para obter o nivel A2 de competencia dixital	- Equipo TIC - Profesorado	Fin do 1º trimestre	- Test de Competencia Dixital Docente		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3: Formación do profesorado para alcanzar o nivel A2 do test de competencia dixital docente	- Equipo TIC - Profesorado	Fin do 3º trimestre	- CFR		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: (PEDAGOXÍA) Apoio e recursos						
<b>OBXECTIVO 3: (1)</b>	Crear un banco de recursos dixitais con recursos propios e recursos alleos libres.				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Equipo TIC e responsable do Plan Dixital de centro				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Porcentaxe de profesorado implicado					
<b>Valor de partida: (3)</b>	0% recursos propios no banco					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	Alomenos 6 recursos dixitais propios e banco de recursos educativos abertos			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A03.1: habilitar na web do centro ou na Aula Virtual un espazo para almacenar recursos dixitais	- Equipo Directivo - Coordinador do equipo TIC	Fin do 1º trimestre	- Web do centro ou aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: Elaboración de recursos dixitais propios para incorporar ao banco de recursos	- Equipo TIC	Fin do 3º trimestre	- Dispositivos dixitais - Web do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3. Busca de recursos educativos abertos de libre uso para incluír no banco de recursos	- Equipo TIC	Fin do 3º trimestre	- Bancos de recursos - Web do centro ou aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: (ALUMNADO) Escasas habilidades dixitais para diferentes materias						
<b>OBXECTIVO 4: (1)</b>	Mellorar as habilidades dixitais do alumnado.				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Todo o profesorado				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Número de profesorado implicado na súa aula					
<b>Valor de partida: (3)</b>	20% de alumnado con coñecementos dixitais					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	50% do alumnado			Ó longo do curso		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A04.1: Avaliar a situación de partida do alumnado en canto a recursos dixitais e manexo deles.	- Profesorado titor	Setembro-Outubro	- Enquisas - Tabletás e dispositivos EDIXGAL - Ordenador de aula		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.2: Promover o uso habitual dos recursos dixitais na aula, nas diferentes materias.	- Todo o profesorado	Fin do 3º trimestre	- Tabletás e dispositivos EDIXGAL - Ordenador de aula		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos** (Specific), é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
  - Medibles** (Measurable), deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
  - Alcanzables** (Achievable), é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
  - Relevante** (Relevant), debemos formular obxectivos que supoñan un beneficio importante para a organización educativa;
  - Definidos no tempo** (Time bound), isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No contexto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR:** Permitirán **avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

### **ACCIÓNS A DESENVOLVER:**

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase A01.1., a segunda A01.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalzaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento.

#### 4. Avaliación do plan

A *avaliación do Plan Dixital no noso centro farase do seguinte xeito:*

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será unha vez ó trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será ó rematar o curso 2022-23. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

#### 5. Difusión do plan

O *Plan Dixital de Centro* será exposto nunha reunión de Claustro a finais deste curso escolar, para que o profesorado teña coñecemento do mesmo e incorporar as achegas que se consideren necesarias. Posteriormente levarase ó Consello Escolar para a súa aprobación. A comezos do vindeiro curso incluírase na Programación Xeral Anual (PXA) e na concreción anual do Proxecto Educativo (PE), ademais de facelo público na páxina web do centro.